

Gómez Besteiro e González Santín arroupan a José María Arias na súa presentación como candidato á alcaldía de Castroverde

O alcaldable socialista, diante de máis de 300 persoas, comprometeuse a “seguir traballando para garantir a creación de emprego no municipio e a dotar aos veciños de servizos básicos, que os Gobernos do PP da Xunta de Galicia e Central nos roubaron sen compaixón algunha”

Arias volve a encabezar así unha lista que, tal e como xa adiantou en días pasados, non incluírá grandes cambios nos principais postos, pero si que cumprirá o principio da paridade. “Hoxe é un deses días que, para os que estamos en política, nos sentimos con seguridade e con tranquilidade porque se trata dun equipo de xente que ten un proxecto sólido, seguro, realista e axustado ao que os cidadáns de Castroverde necesitan”, destacaron Besteiro e Santín

Os secretarios Xeral do PSdeG e Provincial subliñaron a necesidade de que este municipio continúe baixo a dirección do PSOE, pois “os socialistas sabemos xestionar, e que cando o facemos, o facemos ben. Basta con comparar cómo está Castroverde e cómo están outros concellos limítrofes como Baleira ou O Corgo. A ninguén se lles escapa que fomos os progresistas os que trouxemos a este municipio unha residencia da 3ª idade, o polígono e unhas piscinas que levaban estancadas dende 1.994”, indicou o líder galego

CASTROVERDE, 14 DE MARZO DE 2015.- O PSdeG, da man do seu secretario Xeral –José Ramón Gomez Besteiro-, e a executiva provincial, coa intervención do seu secretario Xeral –Juan Carlos González Santín-, arrouparon este sábado a José María Arias na súa presentación como candidato do PSOE á Alcaldía Castroverde. Diante de máis de trescentas persoas, e xunto a outros compañeiros do Partido como José Blanco e José López Orozco, tanto a executiva nacional galega como a que dirixe Santín, amosaron publicamente o seu respaldo ao alcaldable, quen se comprometeu a “seguir traballando para garantir a creación de emprego no municipio e a dotar aos veciños de servizos básicos, que os Gobernos do Partido Popular da Xunta de Galicia e Central nos roubaron sen compaixón algunha”.

José María Arias volve a encabezar así unha lista que, tal e como xa adiantou en días pasados, non incluírá grandes cambios nos principais postos, pero si que cumprirá o principio da paridade. “Se se fan ben as cousas para que se van a cambiar. E vós demostrástedes que o sabedes facer ben”, indicou Santín. E é que, segundo recoñeceron o secretario Provincial e o líder dos socialistas galegos, “hoxe é un deses días que, para os que estamos en política, nos sentimos con seguridade e con tranquilidade; nos sentimos seguros e tranquilos porque a candidatura que liderarás incluírá a un grupo de persoas, e de amigos e de amigas, que co seu traballo diario conseguiron que o camiño que iniciástedes nos últimos anos non chegase ao seu fin, senón que cada vez se consolidase máis; tanto, que hoxe é un proxecto sólido, un proxecto seguro, un proxecto realista e un proxecto axustado ao que os veciños de Castroverde necesitan”.

O alcaldable, que leva á fronte do Consistorio dende 1.997, opta así á reelección unha candidatura máis. Trátase, segundo afirmaron Santín e Besteiro, “do mellor candidato, pois é un home que sempre resposta, que sempre está á altura do que lle piden os veciños e do que lle pedimos dende o Partido”. “Din por aí que *cada un vai á feira co que ten*, e ti tes un gran equipo, con experiencia, que transmite ganas e ilusión... Por iso, estamos convencidos de que seguirás sendo o Alcalde de Castroverde”, insistiron.

“Non somos iguais”

Neste senso, os secretarios do PSdeG e Provincial destacaron a necesidade de que este municipio continúe baixo a dirección do PSOE, “xa que non é o mesmo que un concello estea liderado por un socialista que por un alcalde do PP”. “Estamos baixo lupa, pero non permitades que vos digan que todos somos iguais, porque isto é o discurso orquestado polo Partido Popular. Temos que sentirmos orgullosos de ter construído a parte positiva deste país. O Partido Socialista foi o que permitiu que calquera que quixera estudar o puidera facer porque era gratuíto, ou o que creou o sistema de pensións, ou a Sanidade gratuíta e de calidade; non como agora que nos din, concretamente a Conselleira de Sanidade, que os lucenses non podemos ter un infarto máis alá das tres da tarde. Onde se viu iso? Nin que os infartos se puidese programar.... Somos persoas, non somos máquinas... Por iso temos que estar aí, loitando e traballando no día a día porque este país nos necesita”, apuntou Besteiro.

Pola súa banda, o dirixente do Partido a nivel provincial comparou o que se fixo en Castroverde cun Alcalde do PSOE ao realizado noutros concellos nos que governa o PP, como é caso de O Corgo, Baleira ou Baralla. “José María, demostraches que os socialistas sabemos xestionar, e que cando o facemos, o facemos ben. Grazas ao teu traballo, e grazas a que na Deputación entrou José Ramón, teredes un polígono industrial para que as empresas poidan desenvolver o seu traballo e que os mozos e mozas do municipio non teñan que irse fóra na busca dun emprego; unha xestión moi diferente á do presidente Feijóo. Dende que este governa só neste municipio se perderon máis de 100 postos de traballo; máis de 100 familias que lamentablemente pasaron de ter uns ingresos ao mes, a estar nas listas do paro e a depender dos seus pais ou da pensión que cobran os maiores que están nas casas”, denunciou Santín.

“Se volve o PP, isto sería unha debacle”

“A ninguén se lles escapa que fomos os progresistas os que trouxemos a este municipio unha residencia da 3ª idade, o polígono e unhas piscinas que levaban estancadas dende 1.994”, decatou o líder galego quen, xunto con Santín, coincidiu en sinalar que “se volve o PP, o que teríamos sería unha debacle”.

“Moitos dos que estades aquí vivides do campo, polo que non vos vou ensinar nada novo, pero sabedes que foi o que fixo a Consellería de Medio Rural? En vez de apoiar aos gandeiros, reduciu o presuposto deste ano nun 15%. Dende aquí lle digo, mal Señora Conselleira mal, porque se non hai cartos, non hai inversión, e se non hai inversión, é imposible que isto vaia pa diante. Iso sí, despois ben que soben os pensos, o gasoil, as medicinas, os impostos....E xa vedes qué é o que está a facer tamén co leite? Quédavos menos dun mes para que a cota sexa libre. Alguén de vós se sente respaldado pola Xunta de Galicia? Sabedes se vos van compensar as perdas ou o que tedes que pagar pola supertaxa....Se Castroverde resiste non é polo PP, nin pola Xunta de Feijóo, nin polo Goberno de Rajoy. É polo empuxe e o esforzo dos seus cidadáns, polo seu Alcalde e polos Gobernos Socialistas”, concluíu o secretario Provincial.